

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A PROMOCIÓN MEDIANTE CONCURSO DO PROFESORADO ACREDITADO A TITULAR DE UNIVERSIDADE EN PROFESORES/AS CONTRATADOS/AS DOUTORES/AS NO CURSO ACADÉMICO 2018/19

O Consello de Goberno do 29/10/2018 aprobou o Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19.

Ese programa incluía na disposición A) os Criterios para a selección de áreas de coñecemento para a promoción mediante concurso do profesorado acreditado a titular de universidade en profesores/as contratados/as doutores/as no curso académico 2018/19.

A disposición adicional do acordo do Consello de Goberno do 29/10/2018, habilita á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para realizar a convocatoria deste programa de promoción. En virtude desa habilitación, resólvese realizar a presente convocatoria de acordo coas seguintes bases.

Bases da convocatoria

1. Normas xerais

O obxectivo desta convocatoria é establecer as áreas de coñecemento na que se realizará a convocatoria pública dos concursos de acceso á categoría de Contratado/a Doutor/a para profesorado temporal acreditado a titular de universidade no curso académico 2018/19.

Este procedemento rexerese polos criterios para a selección de áreas de coñecemento para a promoción mediante concurso do profesorado acreditado a titular de universidade en profesores/as contratados/as doutores/as no curso académico 2018/19 do acordo do Consello de Goberno do 29/10/2018 polo que se aprobou o Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os Estatutos da Universidade da Coruña e, no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

Empregarase o correo electrónico institucional da UDC para as comunicacións en relación co desenvolvemento deste procedemento.

2. Requisitos para participar no programa de promoción

Poderán solicitar a convocatoria dunha praza, na súa actual área de coñecemento, os/as Profesores/as Axudantes Doutores/as, Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS) e Profesores/as Asociados/as da UDC que contengan unha acreditación a Titular de Universidade.

3. Numero de prazas que se ofertan e limitacións por área de coñecemento

1. Poderán convocarse un máximo de 3 prazas de Contratado/a Doutor/a.

Código Seguro De Verificación	vmK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vmK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==		



2. Adxudicarase só unha praza de Profesor/a Contratado/a Doutor/a por área de coñecemento.

3. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, estas ordenaranse segundo os seguintes criterios por orde de prelación:

a) A primeira orde establecerase tendo en conta a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades que é o mesmo que o da data de reunión da Comisión de Acreditación correspondente segundo a rama de coñecemento. Nas acreditacións emitidas trala entrada en vigor do Real Decreto 415/2015, terase en conta a data da resolución da Comisión de Acreditación. Terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga.

b) No caso de empate na data de acreditación, terán prioridade as persoas candidatas que contén con maior antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña. Para establecer a antigüidade na UDC sumaranse todos os períodos no que o/a docente tivese vinculación funcional, administrativa ou laboral coa UDC dentro das figuras docentes (tanto dos corpos docentes universitarios como das categorías de persoal docente laboral ou administrativo) establecidas nas leis que veñen regulando a Universidade española, e que así estean recoñecidas no seu expediente persoal que consta no Servizo de PDI. Inclúese a antigüidade como persoal docente recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG do 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e a antigüidade recoñecida no seu expediente persoal nos programas de formación postdoutoral. Non se incluírán os períodos que poidan existir en calquera figura de persoal investigador en formación.

O resultado da antigüidade exprésarase en anos, meses e días en relación a data de finalización de presentación de solicitudes. No caso de empate terá prioridade o primeiro en acceder a un dos corpos ou categoría.

4. Solicitudes

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo que figura como anexo I a esta convocatoria e dirixíranse ao vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente da Universidade da Coruña.

O prazo para a presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC. As solicitudes presentaranse segundo o establecido no Regulamento do rexistro da Universidade da Coruña (aprobado polo Consello de Goberno o 28/02/2018).

Código Seguro De Verificación	vMK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vMK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==		



Coa solicitude achegarase:

- a. Unha copia simple do certificado de acreditación ao Corpo de Titular de Universidade.

6. Admisión de solicitudes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente ditará unha resolución aprobando a prelación provisional de solicitudes e áreas de coñecemento onde se convocarán as prazas incluídas nesta convocatoria. Nesta relación constarán desagregados os datos sobre a data de acreditación e antigüidade.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente publicará a prelación provisional de prazas. Contra dita resolución as persoas interesadas poderán emendar a solicitude ou presentar reclamación ante o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, no prazo de **10 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez resoltas as posibles reclamacións, publicarase a resolución da prelación definitiva.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará o resultado definitivo aos departamentos afectados pola asignación dunha praza deste programa, para que remitan de forma inmediata unha proposta de convocatoria que deberá ser aprobada por Consello de Goberno.

A creación dunha praza de Contratado/a Doutor/a en ningún caso poderá utilizarse polos departamentos para xustificar a contratación de novo profesorado no curso académico 2019/2020.

7. Norma final

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente dará conta aos Representantes dos/as Traballadores/as e ao Consello de Goberno do desenvolvemento desta convocatoria.

8. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para fixar a distribución por áreas de coñecemento das prazas de contratado/a doutor/a dentro do apartado A) do Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19 (aprobado en Consello de Goberno do 29/10/2018)

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento

Código Seguro De Verificación	vMK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vMK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==		



oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161.

A Delegada de Protección de Datos é dona Luz María Ponte Aba. dpd@udc.gal

A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da UDC.

Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

9. Recursos

Contra a presente convocatoria, de conformidade co disposto nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderán os/as interesados interpoñer recurso de alzada ante o reitor da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da Universidade da Coruña.

A Coruña,

Código Seguro De Verificación	vMK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vMK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==		



Anexo I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE PRAZAS DE CONTRATADO/A DOUTOR/A PARA O PROFESORADO DA UDC ACREDITADO A TITULAR DE UNIVERSIDADE NO CURSO ACADÉMICO 2018/19

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA SOLICITUDE

NOME DO/A PROFESOR/A ACREDITADO/A:	
ÁREA DE COÑECEMENTO PARA A QUE SE SOLICITA A PRAZA DE CONTRATADO/A DOUTOR/A:	
CATEGORÍA ACTUAL:	DEDICACIÓN:

2. SOLICITUDE

Segundo o disposta nos Criterios para a selección de áreas de coñecemento para a promoción mediante concurso do profesorado acreditado a Titular de Universidade en profesores/as Contratados/as Doutores/as no curso académico 2018/19, do Programa de captación e estabilización de profesorado no curso académico 2018/19, aprobado no Consello de Goberno do 29/10/2018, solicito a convocatoria dunha praza de Profesor/a Contratado Doutor/a co fin de posibilitar a miña estabilidade laboral na Universidade da Coruña.

Xunto con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Copia da acreditación de Titular de Universidade

Data:

Asdo.:

SR. VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	vmK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	10/06/2019 18:51:26
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vmK2YE8CqGWD3Zw/FNrXAw==		

